



Sin perjuicio de cualesquiera otros recursos que se estimen procedentes, el pliego de condiciones, los anuncios de licitación y los demás documentos contractuales que establezcan las condiciones que tengan que regir la licitación, serán susceptibles de recurso potestativo de reposición ante la Presidencia de la Diputación en el plazo de un mes y, alternativamente, de recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense en el plazo de dos meses, contados ambos plazos desde el día siguiente al de la publicación de los anuncios de licitación o, en su caso, de la última publicación (si no fueran simultáneos).

Ourense, 3 de noviembre de 2017. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 3.562

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Avión

Unha vez recibida definitivamente a obra que ao final se detalla, o adxudicatario que se indica solicitou a devolución da garantía que se expresa:

- Carlos Torreira Melgar, pola “Instalación de caldeiras de biomasa na piscina municipal”, incluída nos proxectos de equipamentos térmicos de biomasa subvencionados polo Inega na convocatoria de 2016, garantida mediante depósito en metálico por importe de 2.469,45 euros.

O anterior publícase para que durante o prazo de 20 días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, poidan presentar reclamacións os que crean ter algún dereito esixible ao adxudicatario por razón do contrato garantido.

Avión, 7 de novembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Antonio Montero Fernández.

Una vez recibida definitivamente la obra que al final se detalla, el adjudicatario que se indica solicitó la devolución de la garantía que se expresa:

- Carlos Torreira Melgar, por la “Instalación de calderas de biomasa en la piscina municipal”, incluida en los proyectos de equipamientos térmicos de biomasa subvencionados por el Inega en la convocatoria de 2016, garantizada mediante depósito en metálico por importe de 2.469,45 euros.

Lo anterior se publica para que, durante el plazo de 20 días, contados desde el siguiente al de la publicación del presente anuncio en el BOP, puedan presentar reclamaciones los que crean tener algún derecho exigible al adjudicatario por razón del contrato garantizado.

Avión, 7 de noviembre de 2017. El alcalde.

Fdo.: Antonio Montero Fernández.

R. 3.435

O Barco de Valdeorras

Anuncio

Convocatoria do proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para a categoría de auxiliar de axuda no fogar para posibles coberturas temporais, sendo a vixencia da bolsa ata o 31.12.2019.

Convocatoria do proceso de selección que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas mediante Resolución de Alcaldía con data 16 de novembro de 2017:

*Denominación da ocupación da bolsa de traballo para ampliar:

- Auxiliar de axuda no fogar do Concello do Barco de Valdeorras.

*Obxecto:

- Formación de bolsa de traballo para a categoría de auxiliar de axuda no fogar, mediante o sistema concurso-oposición, sendo a vixencia da bolsa ata o 31/12/2019, para posibles coberturas temporais, sendo as funcións a realizar as descritas no artigo 1º das bases de convocatoria.

*Requisitos esixidos:

Os esixidos no artigo 3º das bases de convocatoria, sendo entre outros:

- Estar en posesión da titulación de certificado de escolaridade, equivalente ou estudos superiores; no caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

- De acordo coa Resolución do 3 de novembro de 2015 da Secretaría do Estado de Servizos Sociais e Igualdade, sobre acreditación de centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, posuír algún dos seguintes títulos ou certificados:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real decreto 777/1998, de 1998, do 30 de abril.

- Título en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou, se é o caso, calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, regulado polo Real decreto, 1379/2008, do 1 de agosto.

- O certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar, regulado polo Real decreto 331/1997, do 7 de marzo.

- O certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas a domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto.

- Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B e dispoñibilidade de coche.

*Documentación:

As esixidas nas bases de convocatoria que estarán dispoñibles no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>).

*Presentación de instancias:

- Por calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

- As bases e o anuncio da convocatoria publicárase no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>); no suposto de non ser posible publicar as bases no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello o mesmo día que saia publicada a convocatoria no BOP de Ourense, entón o prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación das bases no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello.

O Barco de Valdeorras, 16 de novembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.